

# Proba de promoción NON competitiva CONCELLO DE MARÍN

22 /05/2022

## REGULAMENTO DA PROBA

### ORGANIZA:

Club deportivo Pinarium

Contacto:

Manuel.Rosales 653924872 clubdeportivopinarium@gmail.com

Concello de Marín

Federación Galega de Triatlón e PM.

### COLABORA:

Secretaría Xeral para o Deporte

### LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Estacionamento da Praza de España, a carón da Escola Naval Militar xunto co paseo do muelle Antonio Blanco e a estrada do interior do muelle de Marín para o circuito de bici

### PARTICIPANTES

Poderán participar deportistas das categorías prebenxamín e benxamín de primeiro ano con licenza FEGATRI de tempada e deportistas que tramiten licenza temporal de 1 día de menores, así como deportistas federados en ciclismo que terán bonificada a tramitación da licenza temporal. Nad@s nos anos 2014, 2015 e 2016 e con 6 anos cumpridos.

### PROGRAMA:

#### ENTREGA DE DORSAIS E CONTROL DE MATERIAL:

**Recollida de dorsais:** Por medio do delegado ou adestrador de cada club. Presentarase DNI/Licenza ou documento oficial con foto e documento de responsabilidade individual COVID cuberto do/a deportista así como o propio.

ENTREGA DE DORSAIS	APERTURA CONTROL DE MATERIAL	PECHE CONTROL DE MATERIAL
12:30	13:10	10 minutos antes da saída

### HORARIOS SAÍDAS:

#### Cámara de chamadas

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 min antes da súa saída.

HORARIO	SAÍDA A PÉ	SAÍDA BICICLETA	FIN DA PROBA APROXIMADA
<b>13:30</b>	13:30	13:40	13:50

#### PERCORRIDO:

CATEGORÍA	CARREIRA A PÉ		BICICLETA		CARREIRA A PÉ	
única	230 m.	1 Volta	1.000 m.	1 Volta	120 m.	1 Volta

#### ZONAS COMÚNS:

#### PARKING RECOMENDADOS:


No aparcadoiro da Praza de España e estacionamientos próximos.



### CIRCUITOS

Carreira a pé: 1 volta (230m).

Bicicleta: 1 volta (1.000m).



Carreira a pé: 1 volta (120m).



## PREMIOS :

Non competitiva.- Agasallo para tódolos participantes na liña de meta.

## INSCRICIÓNS:

**Ata o martes 17 de maio de 2022 ás 23:59 h.**

Inscrición gratuíta.

(NON FEDERADOS) Licenza temporal de 1 día de menores - 6,00€  
(FEDERADOS CICLISMO GALICIA) -Licenza Temporal 1 día para federatos de ciclismo (deberán presentar xustificante de licenza vixente) 2,20 €

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado [Inscricións](#)

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

15 prazas para NON FEDERADOS E DEPORTISTAS CON LICENZA NA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO- Accederán á plataforma de inscricións [Regulamentos/Inscricións](#), deben introducir todos os datos, subir a documentación en vigor solicitada e facer o abono do trámite de licenza temporal con tarxeta a través de TPV

### Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións. As devolucións realizaranse a través de TPV na mesma tarxeta de abono. As baixas non comunicadas en tempo e forma serán penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI vixentes.

### Publicación de Listas de Inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no

listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicárase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

### NORMATIVA XERAL:

De acordo aos protocolos preventivos FISICOID-DXT da FEGATRI, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, é obrigatorio:

- Manter a distancia interpersonal de 1,5 m en todo momento, salvo durante a práctica deportiva
- Recoméndase o uso de máscara en espazos pechados.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.
- En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices protocolarias establecidas polas autoridades sanitarias.

### PROCEDEMENTO DE SAÍDA E META:

**Saída:** Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización.

**Chegada a Meta:** unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta coa súa bicicleta.

Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

**Abandono da sede:** unha vez finalizada a participación deberase recoller a bicicleta abandonar a zona de competición, evitando aglomeracións ou reunións grupais tanto antes coma despois do evento.

### NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerase segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Os nenos e nenas deberán identificarse con documento oficial con foto.

### AMBULANCIA E MÉDICO:

A ambulancia asistencial e o médico estarán situados nas inmediacións do circuito, saída e meta.

Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre triatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

### RECLAMACIÓN E APELACIÓN

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

### CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.